

Este sábado a Asociación Amigos de Francisco Carballo organiza un acto para conmemorar o décimo aniversario do pasamento do teólogo, historiador e activista político e cultural. A homenaxe chega nas vésperas de que se celebre o centenario do seu nacemento. **Texto** Manuel Xestoso + **Foto** Xan Carballa

# Francisco Carballo, o home que puido ser bispo e preferiu ser patriota galego

**Fanse dez anos do falecemento do polígrafo e activista político e cultural**

**É** probábel que a súa obra non goce do nivel de coñecemento que merece, pero Francisco Carballo revélasé como unha figura de enorme importancia para comprender a segunda metade do século XX na Galiza. Clérigo, historiador e mestre, naceu na pequena aldea de Celeirón, en 1925, e morreu en Salamanca, en 2014. Estudou Teoloxía e Historia en Madrid, e o seu extraordinario alento intelectual axiña o levou a desempeñar cargos relevantes no maxisterio da Igrexa no Estado español, especialmente na súa condición de membro da congregación de San Vicente de Paul.

En 1973 trasladouse a Vigo, como mestre da Escola Universitaria de Maxisterio, iniciando un amplio labor como escritor e historiador, e implicándose no desenvolvemento de iniciativas culturais no ámbito do nacionalismo galego. O seu reencontro coa Galiza levouno a unha inmersión profunda e global na sociedade do país: no sindicalismo docente (desde a Unión de Traballadores do Ensino da Galiza); no ámbito

da política (comprometéndose co BNG), no mundo editorial (en Promocións Culturais Galegas); no asociacionismo cultural (desde a Cultural de Vigo); na investigación (coa colección *Historia de Galiza*, na escola de historiadores) na relixión (desde as revistas *Irimia ou Encrucillada*)... Tamén no xornalismo: en 1977 é un dos impulsores da nova etapa do semanario *A Nosa Terra*, cuxo consello de administración presidiu durante moitos anos. 35 anos despois, Carballo volvén facer parte do grupo promotor dun novo medio de comunicación galego, *Sermos Galiza*, que máis tarde editaría *Nós Diario*.


A súa obra escrita abrangue varios campos: a teoloxía (*A Igrexa Galega*, 1995), a política (*Alexandre Bóveda*, 1999), a historia (*Historia de Galiza*, 1979; *Castelao contra manipulación*, 1984)... En 2002, Carballo puxo negro sobre branco o seu pensamento a través do libro *Conversas con Francisco Carballo*, da autoría de Santiago Prol e Xan Carballa.

Co gallo do décimo aniversario do seu pasamento, a Asociación

Amigos de Francisco Carballo de Maceda organiza mañá, 14 de decembro, un acto para lembrar Carballo no que intervirán Celso Sánchez (tenente alcalde de Maceda), Miguel Anxo González Ramos (familiar de Francisco Carballo), Bieito Seara (ex alcalde de Maceda) e Santiago Prol (investigador).

#### Vigo como centro

"A Asociación Amigos de Francisco Carballo ten ese propósito, tratar de proxectar e manter viva a súa lembranza", explica Santiago Prol en conversa con *Nós Diario*. "Formámola un grupo de xente que adoitábamos xantar con el cando viña a Maceda, persoas que nos relacionabamos con el nos múltiples proxectos nos que sempre andaba metido. Era un luxo departir con el, porque era unha persoa que sabía de todo e que era un conversador excelente, un auténtico Otero Pedraio do noso tempo. Fundámola ao ano seguinte do seu falecemento e, desde aquela, organizamos un acto de vindicación da súa figura todos os anos, arredor




Francisco Carballo na rúa do Príncipe de Vigo.

**A SÚA OBRA COBRE CAMPOS DIVERSOS COMO A TEOLOGIA, A HISTORIA, O XORNALISMO...**

do aniversario da súa morte". Estes encontros comezaron celebrándose baixo o epígrafe *Os lugares de Francisco Carballo*, con roteiros que visitaban lugares significativos da súa biografía, desde o seu lugar de nacemento, Celeirón -na parroquia de Asadur, do concello de Maceda- até vilas e cidades nas que despregou a súa actividade como Marín, Pontevedra ou Vigo.

"Vigo tivo unha grande importancia na súa actividade", declara Prol. "Ali traballou moito con *A Nosa Terra*, coa

O 8 DE MARZO  
SERÁ O CENTENARIO  
DO NACEMENTO  
DE CARBALLO



editorial... Sen esquecer a súa faceta de activista cultural. El estivo á fronte da Asociación Cultural desde o 79 até o 85, que foi a etapa máis dinámica desta entidade".

A grandeza moral de Carballo queda reflectida nun episodio que o levou a enfrentar un proceso xudicial que o puido levar ao cárcere por escribir que Moncho Reboiras fora asasinado pola policía. Polo visto, a frase non era directamente de Carballo, senón dos editores, mais áfina así, el cargou coa responsabilidade e foi a xuizo.

"El viña de ser o reitor do Teologado dos Paúles de Salamanca, un cargo que o situaba na cúpula eclesiástica e podía, facilmente, ser bispo. E rompe con todo aquilo para ir vivir a Vigo para -como dicía, sorprendido-, un cura ao que lle dera aulas- pórse a fregar pratos", lembra Prol.

Por esa razón, a cartelaría que anuncia o acto do sábado inclúe unha viñeta do Carrabouxo que, a carón do retrato de Carballo, introduce a lenda "O home que pudo ser bispo e preferiu ser patriota galego".



**Santiago Prol**  
Escritor e investigador  
"Era un luxo departir con Carballo, sabía de todo e era un conversador excelente, un Pedraio do noso tempo"



**Tareixa Navaza**  
Xornalista  
"Os seus coñecementos en todos os campos eran dunha altura e capacidade intelectual inmensa e brillante"

Un documental

Unha altura  
intelectual  
inmensa  
e brillante

M. X. | Nós Diario

**N**o acto deste sábado proxectárase un documental realizado pola Televisión Española na Galiza, un capítulo da serie *Arredor de Nós*, de media hora de duración, que foi obra da xornalista Tareixa Navaza.

"Paco Carballo foi unha das persoas máis inesquecíveis das que pasaron pola miña vida", confesa Navaza a *Nós Diario*. "Sempre o lembrei como unha persoa activa, cun sorriso permanente, sempre actuando en positivo e dunha humildade enorme".

O esquema do documental é o que empregaba Navaza en todos os episodios da serie. "Facía un resumo biográfico que cubría con fotos e con pequenas gravacións, logo entrevistaba ao persoero que tratábamos e ía introducindo declaracions de persoas que coñecían ao entrevistado e que o valoraban desde a súa óptica, entre os que, nesta ocasión, estaban o historiador Anselmo López Carreira, a teóloga Engracia Vidal, ou daquela conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal".

A xornalista lembra que a conversa con Carballo era "dunha dignidade grandiosa e, como todas as persoas sabias, dunha humildade estremada. Coñecía á perfección todos os ángulos da Teoxía da Liberación en América, mais os seus coñecementos en todos os campos eran dunha altura e unha capacidade intelectual inmensa e brillante".

A lembranza de Carballo, en todo caso, terá actualidade máis alá deste décimo cabodano, xa que o vindeiro 8 de marzo será o centenario do seu nacemento.

"Agora mesmo temos ese reto moi importante porque o ano que vén marcará o centenario do seu nacemento por diante, e queremos celebralo cun acto potente, que lle outorgue relevo e proxeción á súa figura e á súa obra. Por iso este ano a elaboración terá unha dimensión más familiar, porque estamos gardando a artillería pesada para o centenario", remata Prol.